PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 15 de outubro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 15 de outubro de 2024, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
(Vicepresidenta en funcións)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de Raúl Santamaría González)
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Pablo Javier Prieto Perille
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Óscar Insua Lema
(en substitución de Daniel Castro García)
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Outros intervenientes:
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Comparecente:
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia comunica que, atendendo a petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e co consenso do restos dos grupos parlamentarios, producirase unha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman o punto 2º da orde do día, de maneira que se comezará o debate pola proposición non de lei que figura en terceiro lugar.

A seguir éntrase no debate do punto 1º da orde do día:

Punto 1. Preguntas

1.1 8310 (12/POC-001501)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a contía das axudas convocadas en 2023 e cofinanciadas co FEMP destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros e á creación de organizacións de produtores pesqueiros e de asociacións de organizacións de produtores pesqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, quen pasa a expoñer os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández**.

En rolda de réplica a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 8324 (12/POC-001504)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a valoración e os principais resultados da cuadraxésimo quinta reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) nos aspectos de interese para Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, quen pasa a expoñer as razóns nas que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández**.

En rolda de réplica o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** agradece o detalle das explicacións recibidas que comenta brevemente.

Pécha o debate desta pregunta o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica,** que engade máis datos e remata a intervención cunha lembranza ás persoas que perderon a vida no barco arrastreiro Villa de Pitanxo.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración do director xeral cos traballos da Comisión e autorízao a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 11831 (12/PNC-001128)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que lidere a coordinación co resto dos axentes do sector marisqueiro co obxectivo de abordar os problemas que atravesa esta actividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** que pasa a explicar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** para amosarse crítica coa actuación da Consellería a respecto dos problemas que atravesa o sector marisqueiro.

Nesta mesma rolda o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** comenta as anteriores intervencións e pon de relevo o labor que está a desenvolver o Goberno Galego no tema obxecto de debate.

O **señor Abalde Alonso, Julio Hernesto (S),** fai uso da rolda de puntualizacións para incidir na importancia desta iniciativa logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo/a voceiro/a que o precederon no uso da palabra.

2.2 1859 (12/PNC-000225)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar e iniciar a execución das obras do porto mixto de Corcubión no ano 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (documento número. 13326), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Insua Lema, Óscar (BNG)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, e no decurso da mesma, afea o feito que non estea presente a deputada da Costa da Morte e membro do G.P. Popular de Galicia. Asemade, adianta que non vai aceptar a emenda de substitución.

Neste intre a presidenta comunica as desculpas de inasistencia no nome da deputada aludida, señora Mouzo Mas, Paula e xustificadas por mor do pasamento de dúas persoas cercanas. Asemade, trasládalle o pésame á deputada.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Santos Costa, Manuel (P)**, quen, tras amosar diversos desacordos coa intervención do señor propoñente, defende a emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S**), quen, logo de trasladar as condolencias e a solidariedade coa señora Mouzo Mas, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e motiva o voto favorable do grupo ao que representa.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Insua Lema, Óscar (BNG**), como cuestión previa, pide desculpas porque descoñecía as circunstancias da señora Mouzo Mas, Paula e súmase ás condolencias. Asemade reitérase na non aceptación da emenda e en manter o texto resolutivo orixinal.

Auséntase da sala o señor Abalde Alonso, Julio Ernesto e incorpórase á mesma a señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen.

2.3 10686 (12/PNC-001004)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as accións que debe desenvolver o Goberno galego co obxectivo de defender a actividade pesqueira da frota do cerco e da de artes menores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font, Carlos (S),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda o **señor Fernández Rosende, Jesús María (P),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** fai uso da súa rolda de puntualizacións para agradecer o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 1859 (12/PNC-000225), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

2.2 10686 (12/PNC-001004), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O parlamento galego insta o Goberno galego a:
Despregar todas as accións precisas diante do Goberno estatal e da UE para evitar o amarre da frota do cerco galego e o impacto negativo na frota de artes menores diante da falta de cota de sardiña.
Levar a cabo e colaborar coa Administración estatal na realización dos estudos que determinen a situación real dos stocks de sardiña, xurelo, xarda e bocarte para un establecemento acorde dos TAC en cada caso e que permitan a planificación do sector e a súa viabilidade a longo prazo.
Desenvolver, de acordo co sector, medidas que poñan en valor a calidade dos produtos pesqueiros galegos e permitan manter uns prezos rendibles en orixe aos seus produtores.
Exixir do Goberno do Estado español:
- O pagamento inmediato aos afectados das axudas de 2023 polo paro biolóxico do xurelo.
- A realización de estudos para determinar a situación real dos stocks de sardiña, xurelo, xarda e bocarte que permitan establecer os TAC que corresponda en cada caso e que permitan a planificación do sector e a súa viabilidade a longo prazo.
- Intensificar as negociacións co Estado portugués co obxectivo de conseguir cota mediante intercambios, tal e como viña ocorrendo ata o de agora.
- A negociación dunha repartición equitativa da cota da sardiña entre os estados portugués e español, tendo en conta de cara ao novo acordo bilateral o número de buques e de tripulantes de cada un deles.
- A culminación por parte dos dous estados da revisión da regra de explotación do plan de xestión da sardiña, de xeito que permita aumentar as posibilidades de pesca para 2025.
- Unha nova distribución da cota de sardiña, equilibrada e xusta entre as distintas zonas, tendo en conta o número de barcos e de tripulantes en cada caso e que permita eliminar o perverso sistema de transferencia/venda do ben público que constitúen os recursos pesqueiros entre elas.
- Convocar de inmediato a bolsa común da sardiña, de xeito que se evite a especulación a través da venda de cotas e se facilite a chegada do excedente a todos os buques que a necesiten.
- Demandar da UE, de cara á negociación de cotas para 2025 no vindeiro mes de decembro, o cumprimento da sentenza do 11 de xaneiro do 2024, do Tribunal de Xustiza da UE, para que se atendan, ademais das medioambientais, as cuestión sociais e económicas á hora da fixación das cotas das distintas especies.»

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 11831 (12/PNC-001128), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer as súas competencias exclusivas na xestión do marisqueo en Galicia abrindo canles efectivas de diálogo entre todos os axentes do sector, dando voz na xestión dos bancos marisqueos aos representantes da actividade extractiva do marisqueo a pé ou en embarcación, como sector afectado pola actividade marisqueira, e lidere a coordinación co resto dos axentes implicados na actividade económica do marisqueo en Galicia.»

A Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:00 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.04 09:42:55 +01'00'

V. º p
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.11.04 09:13:15 +01'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión